

vencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2008, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria, nas seguintes contías, aplicacións orzamentarias e anualidades:

Ano 2008:

05.41.313C.760.2, por importe de 812.147,81 €.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Orde do 6 de outubro de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa (A Coruña).*

### I. Antecedentes.

I.1 Esta consellería mediante Orde do 9 de maio de 2008 acordou, de conformidade co punto 5.b) do artigo 85 da Lei 9/2002 (LOUG), non outorgar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa (A Coruña) mentres non se realizasen as modificacións necesarias para corrixir as deficiencias que a propia orde establecía.

I.2 A Subdirección Xeral de Infraestruturas e Normativa Técnica da Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio emite informe o 20 de maio de 2008 ao abeiro do artigo 26.2º da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

I.3 O 18 de xuño de 2008 o director xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte emitiu informe favorable ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa.

I.4 O Pleno do Concello de Arzúa aprobou o 21 de xullo de 2008 as modificacións introducidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal, logo dos informes emitidos polos servizos técnico e xurídico de data 9 de xullo de 2008.

I.5 O expediente municipal foi remitido a esta consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva mediante escrito que tivo entrada o 23 de xullo de 2008.

### II. Consideracións e fundamentación.

Logo de analizar o expediente administrativo e os documentos que integran o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa, emítense o seguinte informe:

II.1 A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo eleva un informe-proposta, que se subscribe nos seus xustos termos, e no cal se fan as seguintes consideracións:

1. No documento aprobado polo Pleno do Concello de Arzúa o 21 de xullo de 2008 aparecen corrixidas as deficiencias sinaladas na Orde do 9 de maio de 2008, e completáranse as actuacións administrativas demandadas.

2. Non obstante o anterior, comprobouse que na ficha da área de repartición ARU-05, correspondente ao polígono de solo urbano non consolidado P-05, existe un erro no cálculo do aproveitamento tipo, xa que o valor unidade non está asignado ao uso característico da área de repartición, como é procedente conforme o artigo 113.3º da Lei 9/2002.

O uso característico desta área de repartición é residencial colectiva vivenda protexida; por tanto, é a este uso ao que lle corresponde o valor unidade. O plan xeral establece como criterio de fixación dos coeficientes de ponderación entre os diversos usos e tipoloxías a análise dos prezos de mercado, establecendo unha diferenza do 20% a favor da promoción libre respecto da vivenda protexida. En consecuencia, o coeficiente que se debe aplicar ao uso residencial colectivo nesta área de repartición é 1,2.

Tras aplicar estes coeficientes e calcular o aproveitamento tipo conforme o indicado no artigo 113 da Lei 9/2002, o aproveitamento tipo resultante da ARU-05 é de 0,486 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

3. Así mesmo, e como consecuencia do informe preceptivo previsto no artigo 26 da Lei 32/2003, xeral de telecomunicacións, a referencia ao Real decreto 279/1999 no artigo 6.8.4 das normas urbanísticas debe quedar substituída polo Real decreto 401/2003, polo que se aproba o regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipos e sistemas de telecomunicacións.

II.2 De conformidade co artigo 89.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e co artigo 1 do Decreto 188/2008, do 28 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle á conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

## III. Resolución.

De acordo co ao antedito,

**RESOLVO:**

1º Outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa, de acordo co punto 5.a) do artigo 85 da LOUG, nos seguintes termos:

-Na ficha do polígono de solo urbano non consolidado P-05, que se corresponde coa área de repartición ARU-05, o aproveitamento tipo queda establecido en 0,486 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

-A referencia ao Real decreto 279/1999 no artigo 6.8.4 das normas urbanísticas queda substituída polo Real decreto 401/2003, polo que se aproba o regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións.

2º De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas do plan.

3º Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2008.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas  
e Transportes

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Decreto 246/2008, do 23 de outubro, polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona do Burgo-Vilamaior-Camba (Castro Caldelas-Ourense).*

As parroquias do Burgo, Vilamaior e Camba sitúanse ao oeste do concello de Castro Caldelas e resultan afectados polo proceso de concentración parcelaria a totalidade dos terreos das ditas parroquias.

A dispersión parcelaria e minifundio agrario que presentan os terreos das parroquias do Burgo, Vila-

maior e Camba, posta de manifesto polo Concello de Castro Caldelas á consellería competente en materia de agricultura, motivou un estudo de viabilidade e de valoración das posibilidades que ofrece a zona para incrementar o rendemento dos recursos agropecuarios, deducíndose a conveniencia de levar a cabo a concentración parcelaria por razóns de utilidade pública e interese social.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro do Medio Rural, formulada conforme o establecido na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e tres de outubro de dous mil oito,

**DISPOÑO:****Artigo 1º**

Declarar de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona do Burgo-Vilamaior-Camba (Castro Caldelas-Ourense).

**Artigo 2º**

O perímetro da zona será, en principio, o correspondente á totalidade dos terreos das parroquias do Burgo, Vilamaior e Camba. O referido perímetro poderá quedar en definitiva modificado polas rectificacións, inclusións e exclusións que se acorden ao amparo dos artigos 23 e seguintes da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, na súa nova redacción segundo a Lei 10/2001, do 10 de setembro.

**Artigo 3º**

O proceso de concentración parcelaria deberá supoñer a adxudicación da propiedade en predio único ou no menor número de predios de substitución posible.

**Artigo 4º**

Tal e como dispón o punto 1º da disposición transitoria primeira da Lei de concentración parcelaria para Galicia, a consellería competente en materia de agricultura poderá declarar a caducidade dos expedientes de concentración parcelaria.

De acordo co sinalado polo artigo 7.2º da referida lei, a consellería poderá revisar a concentración en calquera fase do proceso e mesmo retrotraer á situación primitiva as parcelas.

**Artigo 5º**

Conforme o establecido pola Lei de concentración parcelaria para Galicia, a partir da entrada en vigor deste decreto serán sancionables as infraccións que, por acción ou omisión do disposto nela, leve a cabo todo titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario comprendido dentro da área de concentración e, en todo caso:

a) Por incumprimento da obriga de manter e conservar a terra cultivada conforme a súa capacidade agrolóxica e aproveitamento axeitado dos seus recursos.